

-ZONA DE LUGO-

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA CONVOCA A SEGUNDA EDICIÓN DO CONCURSO DE VÍDEOS 'MOBILÍZATE POLA LÍNGUA' PARA DENUNCIAR AS DIFICULTADES PARA VIVIR EN GALEGO

A convocatoria deste orixinal certame foi enviada a todos os centros de ensino de primaria e secundaria da provincia, así como ás escolas de imaxe e son

Busca que os rapaces e rapazas graben co seu mobil situacións cotiás onde teñen problemas ou dificultades para expresarse en galego

Lugo, 28 de abril. A Mesa pola Normalización Lingüística organiza por segundo ano consecutivo o concurso de vídeos *Mobilízate pola Língua* que pretende que os rapaces e rapazas de toda Galiza graben cos seus teléfonos móbiles situacións da súa vida cotiá nas que teñen problemas ou dificultades para poder expresarse en galego. O certame deste ano, que foi presentado hoxe en rolda de prensa na Galería Sargadelos de Lugo, busca afondar na relación entre a mocidade e o galego a través das novas tecnoloxías. O prazo de envío de vídeos remata o vindeiro 13 de maio.

O coordinador da Mesa pola Normalización Lingüística na zona de Lugo, Fernán Xosé Mourenza, explicou que as bases do concurso, que tamén poden descargarse no enderezo www.amesalugo.blogspot.com, foron enviadas a todos os centros de ensino de primaria e secundaria da provincia, así como ás escolas de imaxe e son, segundo explicou María Xosé Rodríguez Valcárcel, profesora nun centro de ensino da cidade de Lugo, .



As grabacións poderán ter unha duración máxima de dous minutos en calquera formato e o prazo de entrega remata o vindeiro día 13 de maio. Teñen cabida pezas e creacións de todo tipo, dende o punto de vista humorístico, dramático, épico ou simplemente descritivo. As bases poden descargarse no blog da Mesa Pola Normalización Lingüística de Lugo, no enderezo www.amesalugo.blogspot.com, onde se irán colgando tamén os vídeos participantes a medida que vaian chegando.

Os membros do xurado serán persoas vinculadas ao mundo audiovisual galego e á normalización lingüística. O acto de entrega de premios terá lugar no Salón de Actos da Deputación de Lugo o 14 de maio ás 20:00 horas. Proxectaránse todas as curtas recibidas e os videos gañadores. Os premios consisten en tecnoloxía en galego.

O concurso foi presentado hoxe na Galería Sargadelos de Lugo polo responsable da Mesa en Lugo, Fernán Xosé Mourenza, quen animou aos centros de ensino da provincia a participar no concurso, aínda que serán admitidas tamén cintas chegadas doutros puntos de Galiza. Aínda que se dirixe de xeito preferente á mocidade, o certame está aberto tamén a persoas de todas as idades.

Situación do galego

O responsable da Mesa pola Normalización Lingüística en Lugo, Fernán Xosé Mourenza, fixo referencia tamén á situación do galego e aos anuncios feitos polo novo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, en relación ao idioma. "Non imos admitir que se produza ningún retroceso en materia lingüística", afirmou. Insistiu en que as conquistas e avances na normalización lingüística foron froito do "consenso", polo que advertiu ao novo presidente da Xunta que "non caben revisionismos neste eido". Neste sentido, Fernán Xosé Mourenza criticou decisións de Alberto Núñez Feijóo como a derogación do Decreto do Galego no Ensino ou os anuncios a prol do castelán nas probas e procesos selectivos da Administración autonómica.

O responsable da Mesa en Lugo animou por este motivo á cidadanía a participar masivamente na manifestación convocada por distintas entidades sociais para o día 17 de maio en Compostela en defensa do galego. Fernán Xosé Mourenza anunciou que, como en anteriores edicións, A Mesa poráse en contacto con outros colectivos e asociacións de Lugo para que participen e apoiem esta manifestación.

Entre outras actividades, este mes celebrárase tamén o Correlingua 2009 destinado a escolares, organizado pola Mesa, a CIG-Ensino e a Asociación Socio-Pedagóxiga Galega. Ademais, a Mesa márcase como obxectivo aumentar a súa presenza social, para o que participará na Feira das Asociacións que terá lugar en Lugo os días 29, 30 e 31 de maio.